

## Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa, a seguinte emenda á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre o impulso e a solicitude formal pola Consellería do Mar da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e a autorización do proxecto de reapertura da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael, S.L. (doc. núm. 31827).

### Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que teñan en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira *Cobre san Rafael S.L.* no concello de Touro.

1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas palas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederá ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (cantes perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura.

2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.

3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa autorización de vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que se deberá iniciar a súa tramitación coa suficiente antelación.



4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no concello de Touro.
5. Incluír unha axenda temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identificación dos puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención están executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.
6. Incluír un proxecto de execución da restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.
7. Incluír unha prospección intensiva do ámbito do Castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre del, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.
8. Incluír un Proxecto de Medidas Ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.
9. Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os nivel de calidade normativos.
10. Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abarque todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.
11. Incluír un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os erros detectados nos documentos do proxecto.
12. Incluír un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.
13. Incluír un proxecto autorizado por Augas de Galicia no que se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.
14. Incluír un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.
15. Incluír un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para prever o risco da falla dos muros principais das instalacións de residuos.



16. Incluir a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.

17. Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.

18. Incluir unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais; así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.

19. Incluir unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.

20. Incluir un proxecto de abandono da explotación, no que se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.

21. Incluir un plan de vixilancia ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio Informe.

22. Incluir no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde ao cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballo mineiros, e a outra, que responderá ao cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das ditas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avais etc...).

23. Incluir no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados das labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.

24. Planificar desde o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o máis doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.”

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/05/2019 17:34:47  
**Nº Rexistro: 49553**  
Data envío: 02/05/2019 17:34:47.483

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 02/05/2019 17:33:08**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/05/2019 17:33:20**

CSV: REXISTROEPUeUzR3K9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Marian García Míguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **10/PNC-003931 (48678)**, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da reconsideración dos coeficientes redutores da idade de xubilización para o colectivo de mulleres redeiras, así como as actuacións que se deben levar a cabo en relación coas condicións laborais, salariais, de protección da saúde e de representación que padecen

## Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Crear, dentro do Consello Galego de Pesca, un grupo de traballo no que se definan os criterios para adecuar os coeficientes redutores á realidade actual do sector.
2. Trasladar ao Parlamento de Galicia os resultados e acordos acadados no grupo de traballo para a súa consideración e apoio.
3. Demandar do Goberno Central unha análise profunda, tendo en conta os resultados do ditame do Consello Galego de Pesca e en virtude dos criterios para os que foron creados os COES, da situación dos coeficientes redutores para determinar cal sería o coeficiente que se axuste ás necesidades e circunstancias das persoas que cotizan dentro do Réxime Especial do Mar, dentro dun proceso amplo de redefinición dos COES de forma xeneralizada



que tería como obxectivo adaptalos ás novas circunstancias da frota e das diferentes actividades marítimo-pesqueiras.

4. Solicitar ao Goberno Central que canto antes revise a redefinición dos COES para as redeiras, tendo en conta a incomodidade no desenvolvemento da súa actividade, as como as condicións climatolóxica nas que a exercen ou os sobreesforzos que conleva o seu traballo, o que lles provoca enfermidades musculares e esqueléticas.”.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 02/05/2019 16:49:47**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 02/05/2019 16:50:11**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Soraya Salorio Porral, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (**10/PNC-003869**) (**47823**) sobre a execución polo Goberno galego, antes do remate do actual período de sesións, das actuacións comprometidas para o mantemento da dársena do porto de Camariñas

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego e ao Concello de Camariñas a levar a cabo, antes de que remate este período de sesións, e conforme ao Convenio suscrito, as actuacións comprometidas no seu día, para o mantemento da dársena do Porto de Camariñas.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 02/05/2019 16:48:59**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





**María Soraya Salorio Porral na data 02/05/2019 16:49:27**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-003752 (46668)** sobre a realización por parte do Goberno galego das actuacións precisas para garantir a operatividade da base de salvamento marítimo da Costa da Morte cos medios humanos e aéreos necesarios as vinte e catro horas do día os trescentos sesenta e cinco días do ano

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a realizar de inmediato todas as accións precisas diante do Ministerio de Fomento para que a base de Salvamento Marítimo, dependente dese Ministerio, na Costa da Morte estea operativa, con medios aéreos e humanos que actúen durante as 24 horas do día os 365 días do ano.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 02/05/2019 16:50:37**





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/05/2019 17:46:12  
Nº Rexistro: 49557  
Data envío: 02/05/2019 17:46:12.591**

**Teresa Egerique Mosquera na data 02/05/2019 16:51:07**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROKrrDXtZ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea (**10/PNC-003745**) (**46595**) sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación co proxecto de dragaxe da ría do Burgo, na provincia da Coruña

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado que:

- 1.- Dote de orzamento suficiente o proxecto de dragado da ría do Burgo, actuación de rexeneración do litoral de competencia estatal. A este obxecto, urxir do Goberno de España que axilice as xestións ante a Unión Europea de cara a que aqueles fondos comunitarios que, por prazo, sexan inexecutables, se poidan reasignar a financiar esta actuación na ría.
2. Poña datas ás actuacións precisas para o dragado, establecendo un cronograma completo con prazos e previsións realistas para a súa execución.
3. Presente un plan social que recolla compensacións a aqueles mariscadores que non poidan traballar durante a execución das actuacións de dragaxe da ría e, nesta liña, teña en conta o ofrecemento realizado pola Xunta de Galicia de cofinanciar nun 10% un plan social de axuda aos mariscadores.
4. Volva a solicitar do goberno do Estado a modificación da Lei 32/2010 pola que se establece un sistema específico de protección por cese de actividade dos traballadores autónomos coa finalidade de asegurar que o cobro da prestación por cese de actividade por presenza de toxinas ao que teñen dereito os mariscadores e mariscadoras cubra o período íntegro de cese de actividade.”





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/05/2019 18:04:30  
**Nº Rexistro: 49568**  
Data envío: 02/05/2019 18:04:30.498

5. Constitúa, previa á licitación do proxecto, unha comisión de seguimento na que estean representadas todas as administracións e organismos implicados: Ministerio para a Transición Ecolóxica, Xunta de Galicia, Concellos da ría (A Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros), confraría e sector marisqueiro”

Instar á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Concello de Culleredo, propietario do edificio para solicitarlle que converta a Aula de Natureza situada no xardín botánico de Culleredo, nun centro de interpretación da zona húmida

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 02/05/2019 18:00:39**

**Martín Fernández Prado na data 02/05/2019 18:01:45**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: REXISTRO56ZWP1EJH5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

